

PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS PARA A AMPLIACIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

INDICE:

OBXECTO DO CONTRATO.

LOTE 1.- REALIZACIÓN DE INTEGRACIONES E IMPLEMENTACIONES DE SERVICIOS SOBRE A SEDE ELECTRÓNICA MUNICIPAL O XESTOR DE EXPEDIENTES CORPORATIVO E O REXISTRO XERAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

CLÁUSULA 1.1.- SITUACIÓN ACTUAL.

CLÁUSULA 1.2.- INTEGRACIONES E IMPLEMENTACIONES REQUERIDAS.

CLÁUSULA 1.3.- INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA.

CLÁUSULA 1.4.- FORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN.

CLÁUSULA 1.5.- PRAZO EXECUCIÓN CONTRATO.

CLÁUSULA 1.6.- PREZO DO CONTRATO.

LOTE 2.- AMPLIACIÓN DO SISTEMA DE ALMACENAMIENTO DO DEPARTAMENTO DE INFORMÁTICA DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

CLÁUSULA 2.1.- SITUACIÓN ACTUAL.

CLÁUSULA 2.2.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS DISCOS A SUBMINISTRAR PARA A AMPLIACIÓN DO ALMACENAMIENTO EMC VNX 5200.

CLÁUSULA 2.3.- INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA.

CLÁUSULA 2.4.- FORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN.

CLÁUSULA 2.5.- PRAZO EXECUCIÓN CONTRATO.

CLÁUSULA 2.6.- PREZO DO CONTRATO.

LOTE 3.- AMPLIACIÓN DO SISTEMA DE COMPUTACIÓN UNIFICADO (UCS) DO DEPARTAMENTO DE INFORMÁTICA DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

CLÁUSULA 3.1.- SITUACIÓN ACTUAL.

CLÁUSULA 3.2.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS COMPLETAS DOS DOUS SERVIDORES A SUMINISTRAR.

CLÁUSULA 3.3.- INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA.



CLÁUSULA 3.4.- FORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN.

CLÁUSULA 3.5.- PRAZO EXECUCIÓN CONTRATO.

CLÁUSULA 3.6.- PREZO DO CONTRATO.

OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato divídese en tres lotes por ser temáticas distintas e complementarias.

Lote 1.- Realización de integracións e implementacións de servizos sobre a sede electrónica municipal o xestor de expedientes corporativo e o rexistro xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa.



No Concello de Vilagarcía de Arousa, está en funcionamento a plataforma CIVIDAS e-GOV, esta plataforma está integrada, entre outros, polo xestor de expedientes, o rexistro xeral, a sede electrónica do concello (sede.vilagarcia.gal) etc.

O obxecto deste lote é o seguinte:

- Realización da integración de CIVIDAS e-GOV, con distintas aplicacións e servizos proporcionados pola administración do estado.
- Realización da integración de CIVIDAS e-GOV, con determinadas aplicacións informáticas corporativas do Concello.
- Implementación de novas funcionalidades e servizos na plataforma CIVIDAS e-GOV.

Lote 2.- Ampliación do sistema de almacenamento do departamento de informática do concello de Vilagarcía de Arousa.

O obxecto deste lote é a ampliación da capacidade do sistema de almacenamento do departamento de informática (EMC VNX 5200), xunto coa instalación, configuración, integración co resto do sistema e posta en marcha.

Lote 3.- Ampliación do sistema de computación unificado (UCS) do departamento de informática do concello de Vilagarcía de Arousa.

O obxecto deste lote é a ampliación do Sistema de Computación Unificado (UCS 5108 de Cisco) do departamento de Informática mediante a adquisición, instalación, configuración e posta en marcha de dous servidores UCS B200 M5 Blade.

LOTE 1.- REALIZACIÓN DE INTEGRACIONES E IMPLEMENTACIONES DE SERVICIOS SOBRE A SEDE ELECTRÓNICA MUNICIPAL O XESTOR DE EXPEDIENTES CORPORATIVO E O REXISTRO XERAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

CLÁUSULA 1.1.- SITUACIÓN ACTUAL.

No Concello de Vilagarcía está en funcionamento a plataforma informática CIVIDAS e-GOV, da empresa IMATIA INNOVATION S.L.

CIVIDAS e-GOV é unha plataforma informática que comprende:

- Un rexistro de entrada e saída, tanto presencial como telemático.
- Un seguimento de expedientes con ferramentas de creación, modelización etc
- Unha sede electrónica baseada en tecnoloxía open-source optimize (sede.vilagarcia.gal).
- A sede electrónica está integrada co sistema CI@ve, para a autenticación de usuarios.



Principais características técnicas de plataforma CIVIDAS e-GOV, no Concello:

- Baseada no framework ontimize (<https://www.ontimize.com/>) e en estándares abertos (Java, XML)
- Utiliza Base de Datos PostgreSQL.
- Plataforma de xestión interna, require máquina virtual Java.
- A sede Electrónica está baseada en Java y HTML5 (<https://sede.vilagarcia.gal/>)
- Está Instalada nos servidores do Concello sobre S.O. Windows, utilizando como software de virtualización VMware vSphere 5.
- Os usuarios do Concello utilizan escritorios remotos, Citrix XenApp Enterprise.

CLÁUSULA 1.2.- INTEGRACIÓNS E IMPLEMENTACIÓNS REQUERIDAS.

1.2.1.- Solicítase a realización da integración da plataforma CIVIDAS e-GOV coas seguintes aplicacións informáticas corporativas en funcionamento no Concello de Vilagarcía:

Integración coa aplicación informática de contabilidade do concello SICALWIN da empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U. para proceder, por parte dos usuarios de CIVIDAS e-GOV, a conformar ou rexeitar e asinar electrónicamente as facturas presentadas ao concello.

Para elo, se debe habilitar en Cividat e-GOV un buzón de entrada onde se amosen as facturas pendentes, podendo completar a información das mesmas, creando un expediente para a súa tramitación ou envialas á firma das persoas correspondentes. O buzón disporá dun visualizador de facturas que permita dispoñer de toda a información nun formato similar ao papel e realizar consultas.

De cara á integración, Cividat e-GOV obterá a información das facturas e os seus datos nunha ruta onde estarán almacenados os ficheiros. Existirá unha ruta para as facturas procedentes de FACE (formato dixital FACTURAE, importadas desde FACE pola aplicación SICALWIN), outra para aquelas con orixe papel, que foron escaneadas previamente dende a aplicación de Cividat e-GOV e unha terceira vía para as facturas presentadas no rexistro xeral do Concello.

A integración inclúe as modificacións necesarias na plataforma CIVIDAS e-GOV para que o departamento de intervención poida xestionar a aceptación e sinatura das facturas por parte do persoal do concello, ou ben o rexeitamento das mesmas coa sinatura correspondente, ou ben completar información etc.

A posta en marcha desta integración inclúe a formación a usuarios de referencia.

1.2.2.- Solicítase a implementación de Servizos Web na plataforma CIVIDAS e-GOV que permitan o intercambio de información con terceiras aplicacións corporativas do Concello.

Os servizos Web Solicitados son:

- Intercambio de información co rexistro xeral de entrada. A información recibida no rexistro xeral de entrada de CIVIDAS ten que poder ser posta disposición dunha terceira aplicación informática.
- Intercambio de información co rexistro xeral de saída. O rexistro xeral de saída de



CIVIDAS debe importar información dunha terceira aplicación, proceder ao seu rexistro de saída e devolverlle a información e datos necesarios que garanten este rexistro de saída.

- Intercambio de información dos asuntos tratados nas resolucións de alcaldía. A aplicación informática de xestión de resolucións de alcaldía de CIVIDAS debe ser capaz de importar información dunha terceira aplicación, xestionar a resolución de alcaldía e devolverlle a información e datos necesarios deste trámite.
- Intercambio de información dos asuntos tratados nas Xuntas de Goberno Local. A aplicación informática de xestión de X.G.L. de CIVIDAS debe ser capaz de importar información dunha terceira aplicación, xestionar o acordo na X.G.L. e devolverlle a información e datos necesarios deste trámite.

Deben realizarse as modificacións necesarias en CIVIDAS e-GOV, para realizar os puntos anteriores. Se debe establecer un mecanismo para poder decidir que información se intercambia e debe quedar reflexado que información se exportou ou importou e o súa procedencia ou destino.

1.2.3.- Solicítase a realización da integración da plataforma CIVIDAS e-GOV cos seguintes servizos proporcionados pola administración central:

- Plataforma de Notificacións electrónicas (Notific@) do Ministerio de Facenda e Función Pública.

A integración será a máxima permitida polos servizos web de NOTIFIC@, incluíndo todas as modificacións tanto no xestor de expedientes como na sede electrónica, necesarias para esta integración.

Solicítase a integración da plataforma CIVIDAS e-GOV coa Plataforma de Notificacións Electrónicas (Notific@), do Ministerio de Facenda e Función Pública. A integración débese realizar coa versión 2.0 ou posterior da devandita plataforma.

A integración inclúe as modificacións necesarias no módulo de notificacións de CIVIDAS e-GOV para adaptalo ás necesidades da plataforma Notific@. A integración debe ser transparente en relación ao empregado público que xenera notificacións na actualidade.

Débese establecer un plan de migración que permita deixar de notificar na sede actual e pasar a notificar en Notific@ co mínimo impacto para os cidadáns.

De igual forma, débese modificar a sede electrónica para indicar a ligazón a Notific@, para que os usuarios interesados poidan acceder directamente á caixa de notificacións de Notific@.

Débese dispoñer dun servizo de recoñecemento do estado dos servizos mediante o cal se poderá comprobar posibles caídas do servizo, coa posibilidade de enviar un correo no caso de que os servizos non estean dispoñibles.

A posta en marcha desta integración inclúe a formación a usuarios de referencia e o asesoramento na tramitación do acceso á plataforma por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa.

- Plataforma de Contratación del Sector Público(PLACSP) do Ministerio de Facenda e Función Pública. A integración será a máxima permitida polos servizos web da PLACSP,



incluíndo todas as modificacións tanto no xestor de expedientes como na sede electrónica, necesarias para esta integración.

A nivel funcional: O concello iniciará os expedientes de contratación na plataforma CIVIDAS e-GOV, o sistema deberá traspasar automaticamente a información do expediente de contratación á PLACSP, creando e iniciando a licitación electrónica. O sistema deberá importar a CIVIDAS a información da PLACSP, mediante servizos web, para completar o expediente iniciado en CIVIDAS.

Solicítase a integración da plataforma CIVIDAS e-GOV coa Plataforma de Contratación do Sector Público, para a publicación dos diferentes procedementos de contratación tal e como especifica a recente modificación na LCSP (Ley de Contratos do Sector Público). Dita integración realizarase utilizando os servizos Web dispoñibles na PLACSP.

Débense realizar as modificacións necesarias nos procedementos de contratación existentes, ou articular un mecanismo alternativo para a publicación de toda a información necesaria en tempo real.

De igual forma, débese modificar a sede electrónica para indicar a ligazón a PLACSP, para que os usuarios interesados poidan acceder directamente ao perfil do contratante do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Débese dispoñer dun servizo de recoñecemento do estado dos servizos mediante o cal se poderá comprobar posibles caídas do servizo, coa posibilidade de enviar un correo no caso de que os servizos non estean dispoñibles.

A posta en marcha desta integración inclúe a formación a usuarios de referencia e o asesoramento na tramitación do acceso á plataforma por parte do Concello de Vilagarcía.

- Plataforma de Intermediación de Datos (PID) do Ministerio de Facenda e Función Pública. A integración será a máxima permitida polos servizos web da PID, incluíndo todas as modificacións tanto no xestor de expedientes como na sede electrónica, necesarias para esta integración.

A nivel funcional: Os usuarios dos expedientes, poderán solicitar información dende o propio expediente á PID, a plataforma do concello deberá utilizar os servizos web da PID para solicitar a información requirida, unha vez posta a disposición esta información pola PID será incluída no expediente automaticamente. Asemade no expediente debe almacenarse a información necesaria para unha posible auditoría.

Solicítase a integración da plataforma CIVIDAS e-GOV coa plataforma de intermediación da AGE (<https://administracionelectronica.gob.es/ctt/svd#.Wrlu7KjwaUk>) para a utilización dos servizos de verificación e consulta de datos.

Dita plataforma permite verificar ou consultar os datos dun cidadán que iniciou un trámite coa entidade para que non teña a necesidade de achegar documentos que xa figuran en poder da Administración Pública.

Na actualidade, existen máis de 90 servizos de consulta dispoñibles. Solicítase a posta



en marcha de 10 destes servizos, que se elixirán por parte do Concello de Vilagarcía durante o inicio do proxecto.

A nivel funcional, a consulta de información debe estar dispoñible en todos aqueles expedientes nos que o cidadán consinta a súa utilización. Para iso, dispoñeráse dun trámite de consulta de información en cada expediente que deixará trazabilidade sobre a consulta realizada, a data e a hora da consulta, así como do usuario que a realizou. A consulta debe xerar un informe en formato PDF, asinado co certificado de órgano do Concello de Vilagarcía, que será almacenado no expediente a efectos dunha posible auditoría.

Débese dispoñer dun servizo de recoñecemento do estado dos servizos mediante o cal se poderá comprobar posibles caídas do servizo, coa posibilidade de enviar un correo no caso de que os servizos non estean dispoñibles.

A posta en marcha desta integración inclúe a formación a usuarios de referencia e o asesoramento na tramitación do acceso á plataforma por parte do Concello de Vilagarcía.

- Rexistro Electrónico de Apoderamentos (REA), creado e regulado no RD 1671/2009 (art.15). A integración será a máxima permitida polos servizos web do REA, incluíndo todas as modificacións tanto no xestor de expedientes como na sede electrónica, necesarias para esta integración.

A nivel funcional: Cando un usuario se identifica na sede electrónica e unha vez identificado polo sistema CI@ve, a sede solicitará información ao REA, en caso afirmativo, dará a escoller ao usuario con que perfil desexa identificarse. Tanto a sede como o seguimento de expedientes darán un tratamento distinto a cada un dos perfís. En caso de ter unha representación, o sistema deberá importar os datos do representado e o representante e ser tratados conforme ás normas da lexislación actual, tanto no seguimento de expedientes, nas notificacións telemáticas, nos accesos etc. Si o representado ou representante non están dados de alta en CIVIDAS e-GOV, serán dados de alta automaticamente desde a sede electrónica, o usuario da sede poderá dar de alta ou cambiar a dirección postal. Deberá quedar constancia en CIVIDAS e-GOV tanto de que foi o cidadán o que se dou de alta automaticamente, como de que modificou ou engadiu unha dirección postal.

Solicítase a integración co Rexistro Electrónico de Apoderamentos (REA), creado e regulado no Real Decreto 1671/2009 (art.15), tanto na sede electrónica como na aplicación interna de xestión de expedientes. Os puntos de integración deben ser, como mínimo, os seguintes:

- Modificación na sede electrónica para que, ao autenticarse un usuario dado de alta en REA, dispoña da posibilidade de actuar dentro da sede como algún dos seus representados, tanto para a consulta de datos como para a realización dunha nova solicitude.
- Modificación da xestión de expedientes para que se poida consultar tamén en calquera punto da tramitación dun expediente a certificación da relación de poderamento.
- Modificación das notificacións telemáticas para comprobar o estado da representación no momento de practicar a notificación.

Tanto a sede electrónica como a xestión de expedientes, incluíndo as notificacións,



darán un tratamento diferente aos dous perfís (interesado principal e representante), conforme ás normas da lexislación actual.

Débase dispoñer dun servizo de recoñecemento do estado dos servizos mediante o cal se poderá comprobar posibles caídas do servizo, coa posibilidade de enviar un correo no caso de que os servizos non estean dispoñibles.

A posta en marcha desta integración inclúe a formación a usuarios de referencia e o asesoramento na tramitación do acceso á plataforma por parte do Concello de Vilagarcía.

- Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR). A integración será a máxima permitida polos servizos web do SIR, incluíndo todas as modificacións necesarias tanto no rexistro do concello como no xestor de expedientes e na sede electrónica, necesarias para esta integración.

Solicítase a integración da plataforma CIVIDAS e-GOV co Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) para o envío e a recepción de asentos rexistrais de forma automática.

Dentro desta integración inclúense as tarefas necesarias de adaptación na plataforma CIVIDAS e-GOV no caso de que sexa necesaria a realización dalgún cambio no módulo de rexistro.

Débase realizar, de forma complementaria, todo o proceso administrativo para a validación e homologación da plataforma CIVIDAS e-GOV do Concello de Vilagarcía como sistema certificado dentro de SIR en colaboración co persoal do propio Concello

A nivel funcional, á hora de realizar un asento rexistral en CIVIDAS e-GOV, débese poder seleccionar un destinatario externo, creando o rexistro no propio módulo do Concello pero enviando tamén devandito asento rexistral ao destinatario correspondente. Para iso débese modificar o módulo de rexistro de Cividas e-GOV, permitindo seleccionar destinatarios externos. De igual forma, débese habilitar unha caixa onde cheguen os asentos rexistrais que, sendo realizados noutras AAPP, teñan como destinatario o Concello de Vilagarcía. Esta caixa desenvolverase como un novo módulo dentro da plataforma CIVIDAS e-GOV e habilitarase unicamente para os usuarios correspondentes.

Se a administración central non permitira a conexión directa a SIR, faríase a través de ORVE.

Débase dispoñer dun servizo de recoñecemento do estado dos servizos mediante o cal se poderá comprobar posibles caídas do servizo, coa posibilidade de enviar un correo no caso de que os servizos non estean dispoñibles.

A posta en marcha desta integración inclúe a formación a usuarios de referencia e o asesoramento na tramitación do acceso á plataforma por parte do Concello de Vilagarcía.

- Sistema de Información Administrativa (SIA). A integración será a máxima permitida polos servizos web do SIA, incluíndo todas as modificacións necesarias tanto no xestor de expedientes e na sede electrónica, necesarias para esta integración.



O Sistema de Información Administrativa é o inventario de información administrativa da AXE, reglado polo artigo 9 do Esquema Nacional de Interoperabilidade, e actualizado de forma corresponsable por todos os Organismos participantes. Contén a relación de procedementos e servizos da AXE e as diferentes Administracións Públicas participantes.

Solicítase a integración da plataforma CIVIDAS e-GOV co Sistema de Información Administrativa (SIA).

Dentro desta integración inclúense as tarefas necesarias de adaptación na plataforma CIVIDAS e-GOV.

Débese dispoñer dun servizo de recoñecemento do estado dos servizos mediante o cal se poderá comprobar posibles caídas do servizo, coa posibilidade de enviar un correo no caso de que os servizos non estean dispoñibles.

A posta en marcha desta integración inclúe a formación a usuarios de referencia e o asesoramento na tramitación do acceso á plataforma por parte do Concello de Vilagarcía

1.2.4.- Solicítase a implementación das seguintes novas funcionalidades, sobre a plataforma CIVIDAS e-GOV:

- Implementación dun módulo de portasinaturas móbil, integrado no portasinaturas de Cividas e operativo sobre iOS e android.

A implementación e posta en marcha dun portasinaturas compatible con dispositivos móbiles (tanto iOS como Android), integrado coa plataforma CIVIDAS e- GOV.

O portasinaturas móbil debe funcionar en total sincronismo co portasinaturas de escritorio existente na plataforma CIVIDAS e- GOV, permitindo que calquera usuario poida asinar de ambas as formas.

Debe dispoñer, como mínimo, dun módulo de documentos pendentes de firma e un módulo de consulta dos documentos xa asinados. Ambos deben dispoñer de mecanismos de filtrado e ordenación para poder traballar dunha forma máis sinxela.

O portasinaturas favorecerá a usabilidade permitindo a firma en bloque de varios documentos.

A autenticación realizarase contra o sistema de usuarios da plataforma CIVIDAS e-GOV de forma que os usuarios poidan utilizar os seus datos de acceso.

Debe permitir a previsualización dos documentos para asinar.

O portasinaturas móbil fornecerase a través da Google Play e da Apple Store.

- Implementación de formularios dinámicos, para captura de datos, na sede electrónica e



integrados cos expedientes da Plataforma CIVIDAS e-GOV.

Solicítase a implementación dun mecanismo que permita definir formularios personalizados para cada tipo de solicitude no catálogo de procedementos da sede electrónica.

Actualmente, o Concello de Vilagarcía ten a sede electrónica correspondente á plataforma CIVIDAS e- GOV, desenvolvida en JSF. O catálogo de procedementos existente permite realizar solicitudes a través dun formulario xenérico. Isto leva o problema de que os datos específicos de cada solicitude deben ser incorporados en documentos adxuntos que, posteriormente, deben ser trasladados ao expediente de forma manual.

Solicítase o desenvolvemento dun sistema dinámico que permita definir formularios personalizados para cada procedemento dispoñible na sede electrónica. O sistema debe dispoñer da posibilidade de incorporar tipos de campos sinxelos (texto, enteiro, etc.) pero tamén campos máis complexos como despregables con diferentes valores, etc. As solicitudes realizadas a través destes formularios deben ter a posibilidade de xerar xustificantes de rexistro adaptados, que inclúan devanditos campos para que o cidadán dispoña dunha proba fidedigna do contido da súa solicitude. Os formularios deben poder ser utilizados sen necesidade de reiniciar o servizo, xa que isto supoñería cortes na sede electrónica.

Os procedementos dispoñibles actualmente na sede electrónica deberán ser migrados a formularios dinámicos.

- Migración da BBDD PostgreSQL de CIVIDAS e-GOV a Oracle Database Standard Edition 2 versión 12.2.0.2. Oracle será a nova base de datos corporativa do Concello, a compra da licenza de Oracle e a súa instalación será realizada polo Concello.
- Implementación dunha intranet na sede electrónica.

Solicítase a implementación e posta en marcha dunha Intranet corporativa que dispoña das seguintes funcionalidades:

- Xestión de usuarios integrada coa plataforma CIVIDAS e-GOV.
- Xestión dinámica que permita modificar os contidos, engadir outros novos permitindo a edición en formato HTML.
- Multi-idioma
- Responsive
- Catálogo de procedementos internos que permita a realización de solicitudes e integrado coa plataforma CIVIDAS e- GOV.
- Consulta do estado das solicitudes
- Descarga de documentos compartidos por determinados usuarios.
- Envío de notificacións telemáticas aos empregados públicos

1.2.5.- Servizos:

- Realización dun manual de usuario on-line da plataforma CIVIDAS e-GOV, que inclúa os módulos integrados e as novas implementacións. Este manual poderá ser



completado con manuais creados polo departamento de informática, para adaptalo ás nosas particularidades.

- Formación da plataforma CIVIDAS e-GOV a nivel avanzado, tanto de sistemas como de desenvolvemento. O departamento de informática pretende acadar a maior autonomía posible.

Os licitadores deberán presentar un proxecto técnico sobre as integracións, implementacións, servizos etc. solicitadas na cláusula 2 (descripción, experiencia, organización, metodoloxía, adecuación perfíles traballo, cronograma, plan de formación etc.) que será valorado.

Os licitadores poderán ofrecer a implementación na sede electrónica de novos procedementos telemáticos mediante formularios dinámicos que serán valorados.

CLÁUSULA 1.3.- INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA.

A empresa adxudicataria deberá proceder a instalar, configurar e posta en marcha de todo o sistema. Realizando as probas e test necesarios para asegurar o seu correcto funcionamento e configuración.

CLÁUSULA 1.4.- FORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN.

A empresa adxudicataria deberá formar ao persoal do departamento de informática na plataforma CIVIDAS e-GOV a nivel avanzado, tanto de sistemas como de desenvolvemento. O departamento de informática pretende acadar a maior autonomía posible.

A empresa adxudicataria deberá presentar un plan de formación e instalación de todo o sistema.

CLÁUSULA 1.5.- PRAZO EXECUCIÓN CONTRATO.

A empresa adxudicataria deberá proceder a instalar, configurar e posta en marcha de todo o sistema. Realizando as probas e test necesarios para asegurar o seu correcto funcionamento e configuración.

A subministración, instalación e posta en marcha de todo o sistema deberá producirse nun prazo máximo de DEZAOITO meses, a partir da firma do contrato.

O contrato considerarase totalmente executado cando se realicen todas as probas de funcionamento e estas resulten satisfactorias procedéndose nese momento á recepción do sistema completo. A partir da devandita data comezará a contar o período de garantía ofertado

CLÁUSULA 1.6.- PREZO DO CONTRATO.



Prezo da subministración, instalación, configuración, conexión ao resto dos dispositivos, posta en marcha, formación, manuais e documentación técnica:

O presuposto base de licitación para a realización do presente proxecto, por todos os seus conceptos, ascende a 120.000 € IVE excluído, máis 21% de IVE (25.200 €), o que supón un total de CENTO VINTE E UN MIL EUROS (145.200€) IVE incluído.

LOTE 2.- AMPLIACIÓN DO SISTEMA DE ALMACENAMENTO DO DEPARTAMENTO DE INFORMÁTICA DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

CLÁUSULA 2.1.- SITUACIÓN ACTUAL.

No CPD do Concello de Vilagarcía de Arousa está en funcionamento un sistema de almacenamento EMC VNX 5200 con 30 discos de 600 GB SAS 10K, 2 discos flash SSD de 100 GB e unha cabina de 23 slots.

Modelos e descrición dos compoñentes do sistema actual de almacenamento:

Modelo	Descrición	Cantidade
VNX52DP6251OF	VNX5200 DPE 25x2,5" DR-25x600g10k-FLD I	1
FLV42S6F-100	VNX 100GB FAST CACHE 25x2,5 DPE/DAE	2
V4-2S10-600U	VNX 600GB 10k SAS 25x2,5 DPE/DAE UPG	5
VNXB6GS DAE25F	VNXB 25x2,5 6G SAS EXP DAE-FIELD INST	1
VSPBM8GFFEA	VNXB 4 PORT 8G FC IO MODULE PAIR	1
VNXOE-5200	VNX5200 OPERATING ENVIRONMENT	1
FSTS-VNX5200	VNX5200 FAST SUITE IC	1
UNISB-VNX5200	VNX5200 UNISPHERE BLOCK SUITE IC	1

CLÁUSULA 2.2.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS DISCOS A SUBMINISTRAR PARA A AMPLIACIÓN DO ALMACENAMENTO EMC VNX 5200:

O sistema de almacenamento debe ser ampliado con 10 DISCOS DE 600 GB SAS 10K (4,2 TB netos), os discos deben ser os orixinais do fabricante, deben ser instalados e configurados na



cabina existente.

Por tratarse dunha ampliación dun sistema de almacenamento e fabricante concreto (EMC VNX 5200) en funcionamento no Concello e ter que integrarse totalmente no mesmo (tanto física como lóxicamente) deberá cumprirse o seguinte:

- Os discos ofertados serán os orixinais do fabricante EMC para este modelo VNX5200.
- A empresa licitadora deberá estar certificada polo fabricante (EMC) para realizar este tipo de instalación e acreditarlo.

CLÁUSULA 2.3.- INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA.

A empresa adxudataria deberá proceder a instalación, configuración e integración co resto do sistema de almacenamento e co resto do sistema informático do Concello. O adxudicatario debe deixar o sistema totalmente operativo.

Realizando as probas e test necesarios para asegurar o seu correcto funcionamento e configuración, e integración.

CLÁUSULA 2.4.- FORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN.

A empresa adxudataria deberá entregar ao departamento de informática a documentación técnica da ampliación e realizará a formación necesaria.

CLÁUSULA 2.5.- PRAZO EXECUCIÓN CONTRATO.

A subministración, instalación e posta en marcha de todo o sistema deberá producirse nun prazo máximo de 3 meses, a partir da firma do contrato.

O contrato considerarase totalmente executado cando se realicen todas as probas de funcionamento e estas resulten satisfactorias procedéndose nese momento á recepción do sistema completo. A partir da devandita data comezará a contar o período de garantía ofertado

CLÁUSULA 2.6.- PREZO DO CONTRATO.

Prezo da subministración, instalación, configuración, conexión ao resto dos dispositivos, posta en marcha, formación, manuais e documentación técnica:

O presuposto base de licitación para a realización do presente proxecto, por todos os seus conceptos, ascende a 12.000 € IVE excluído, máis 21% de IVE (2.520 €), o que supón un total de CATORCE MIL CINCOCENTOS VINTE EUROS (14.520 €) IVE incluído.

LOTE 3.- AMPLIACIÓN DO SISTEMA DE COMPUTACIÓN UNIFICADO (UCS) DO DEPARTAMENTO DE INFORMÁTICA DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

CLÁUSULA 3.1.- SITUACIÓN ACTUAL.



No CPD do Concello de Vilagarcía de Arousa está en funcionamento un Sistema de Computación Unificado UCS 5108 do fabricante Cisco, composto por os seguintes dispositivos:

Parte UCS	Modelo	Detalle
Chasis para 8 blades	UCS 5108	
Fabric interconnect	UCS 6248UP	2x 10GB SFP+2x 8GB FC
Fabric interconnect	UCS 6248UP	2x 10GB SFP+2x 8GB FC
Servidor Blade	UCS B200 M3	128GB RAM 2x Xeon E5-2620v2 2.1GHz 6C
Servidor Blade	UCS B200 M3	128GB RAM 2x Xeon E5-2620v2 2.1GHz 6C
Servidor Blade	UCS B200 M3	128GB RAM 2x Xeon E5-2620v2 2.1GHz 6C

CLÁUSULA 3.2.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS COMPLETAS DOS DOUS SERVIDORES A SUMINISTRAR.

O Sistema de Computación Unificado debe ser ampliado mediante dous servidores concretos: UCS B200 M5 Blade coas seguintes características:

Unidades	Características
2	Unidades Servidores UCS B200 M5 Blade w/o CPU, mem, HDD, Mezz (UPG)
2	SNTC 24X7X4OS UCS b200 M5 Blade w/o CPU, mem, HDD, mezz (UPG Service duration in months:36)
2	3.2 GHz 6134/130W 8C/24 75MB Cache/DDR4 2666MHz
4	32 GB DDR4-2666-MHz LRDIMM/PC4-21300/dual rank/x4/1.2v
2	Cisco UCS VIC 1340 modular LOM for blade servers
2	UCS 5108 Blade Chassis FW Package 3.2(1)
4	FlexStorage blanking panels w/o controller, w/o drive bays.
44	UCS DIMM Blanks
2	CPU Heat Sink for UCS B-Series M5 CPU socket (Front)
2	Cisco ONE Data Center Compute Opt Out Option

Por tratarse da ampliación dun sistema determinado Cisco UCS 5108 mediante uns servidores concretos UCS B200 M5 Blade que deben estar integrados física e lóxicamente no Sistema de Computación Unificado anterior, deberá cumprirse o seguinte:

- Os servidores serán os orixinais do fabricante.
- A empresa licitadora deberá estar certificada polo fabricante (Cisco) para realizar este tipo de instalación e acreditarlo.

CLÁUSULA 3.3.- INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA.



A empresa adxudicataria deberá proceder a instalar, configurar, actualizar microcódigo etc. e todas as accións que sexan necesarias para a posta en marcha de todo o sistema. Realizando probas e test para asegurar o seu correcto funcionamento e configuración.

CLÁUSULA 3.4.- FORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN.

A empresa adxudicataria deberá entregar ao departamento de informática a documentación técnica da ampliación e realizará a formación necesaria.

CLÁUSULA 3.5.- PRAZO EXECUCIÓN CONTRATO.

A subministración, instalación e posta en marcha de todo o sistema deberá producirse nun prazo máximo de 3 meses, a partir da firma do contrato.

O contrato considerárase totalmente executado cando se realicen todas as probas de funcionamento e estas resulten satisfactorias procedéndose nese momento á recepción do sistema completo. A partir da devandita data comezará a contar o período de garantía ofertado

CLÁUSULA 3.6.- PREZO DO CONTRATO.

Prezo da subministración, instalación, configuración, conexión ao resto dos dispositivos, posta en marcha, formación, manuais e documentación técnica:

O presuposto base de licitación para a realización do presente proxecto, por todos os seus conceptos, ascende a 17.200 € IVE excluído, máis 21% de IVE (3.612 €), o que supón un total de VINTA MIL OITO CENTOS DOCE EUROS (20.812 €) IVE incluído.

En Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O Enxeñeiro Informático
Fdo. Juan Luis Núñez Tourís